

## ACTIVISION SPAIN, S.A.

### BASES CONCURSO “GUITAR HERO” FESTIVAL BRINCADEIRA´08

#### 1.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

O CONCURSO terá ámbito nacional, podendo participar no mesmo os residentes en territorio español maiores de 12 anos.

A participación será voluntaria e gratuíta. En ningún caso, ACTIVISION se fará cargo dos gastos nos que puideran incurrir os concursantes con motivo da súa participación no CONCURSO.

#### 2.- INSCRIPCIÓN NO CONCURSO

Todas aquelas persoas que desexen participar no concurso poderán cubrir as debidas fichas a descargar nesta mesma páxina web ([www.brincadeiraordes.com](http://www.brincadeiraordes.com)), e envialas ao seguinte correo electrónico: [guitarhero@icebergaudiovisual.com](mailto:guitarhero@icebergaudiovisual.com); ou ben envialas por correo ao seguinte enderezo: Rúa Campeiras N° 25, 15680 Ordes (A Coruña). Tamén existe a posibilidade de cubri-la as fichas no mesmo lugar do concurso, pero é aconsellable facelo con antelación.

Os menores de idade non emancipados deberán acompañar o formulario de autorización paterna, adxunto nesta mesma páxina web ([www.brincadeiraordes.com](http://www.brincadeiraordes.com))

#### 3.- DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO

O CONCURSO desenvolverase en 2 fases: (a) FASE CLASIFICATORIA e (b) FINAL.

##### (a) FASE CLASIFICATORIA

A FASE CLASIFICATORIA terá lugar o día 8 de Agosto no Campo da Feira de Ordes (A Coruña), de 16:00 a 19:00.

Os concursantes deberán comparecer no lugar polo menos con 30 minutos de antelación á hora de celebración da FASE CLASIFICATORIA correspondente. Os participantes deberán acreditarse por medio do seu DNI ou pasaporte en vigor.

ACTIVISION eliminará a todos aqueles participantes que non se presenten en tempo e hora ou que non se acrediten correctamente en conformidade co establecido anteriormente. En tal caso, o participante eliminado poderá ser substituído polo seguinte clasificado na clasificación final da FASE PREVIA correspondente.

Poderase limitar a entrada a acompañantes e público en xeral, en función do aforo correspondente do concurso.

A FASE CLASIFICATORIA desenvolverase baixo a modalidade de series eliminatorias por parellas. Os emparellamentos estableceraos ACTIVISION de forma aleatoria e a súa libre discreción, en función do número de participantes presentes, antes de

iniciarse as series eliminatorias. En caso de que o número de concursantes asistentes fose impar, ACTIVISION poderá determinar, por sorteo, que un dos concursantes pase directamente á seguinte ronda.

Cada parella deberá interpretar unha canción do videoxogo GUITAR HERO® (en soporte Playstation2) de *nivel difícil*, escollida por ACTIVISION. En todo caso, en cada emparellamento interpretarase a mesma canción.

O vencedor de cada emparellamento será (1º) o concursante que obtivese o maior número de puntos; (2º) en caso de empate, será vencedor o concursante que obtivese a maior porcentaxe de acertos; (3º) se aínda así persistira o empate, o vencedor decidírase en función da mellor racha de notas seguidas; e (4º) se o empate persistira, realizarase un desempate por sorteo, na forma que determine ACTIVISION.

#### (b) GRAN FINAL

A GRAN FINAL celebrarase o día 9 de Agosto no mesmo lugar, de 16:00 a 19:00.

Terán dereito a participar na GRAN FINAL os primeiros clasificados de cada unha das FASES CLASIFICATORIAS.

Así mesmo, ACTIVISION poderá invitar a participar a algúns dos mellores segundos clasificados de todas as FASES CLASIFICATORIAS, a fin de elaborar un maior cadro de series eliminatorias. En tal caso, os mellores segundos clasificados escolleranse en función dos seguintes criterios, por orden de preferencia: (1º) o que obtivese o maior número de puntos na final correspondente da súa FASE CLASIFICATORIA; (2º) o que obtivese a maior porcentaxe de acertos na final da súa correspondente FASE CLASIFICATORIA; (3º) o que obtivese o maior número de puntos en toda a FASE CLASIFICATORIA; (4º) o que obtivese a maior porcentaxe de acertos en toda a FASE CLASIFICATORIA; e (5º) por sorteo.

A GRAN FINAL desenvolverase tamén baixo a modalidade de series eliminatorias por parellas. Os emparellamentos estableceraos ACTIVISION de maneira aleatoria e a súa libre discreción, en función do número de participantes presentes, antes de iniciarse as series eliminatorias. En caso de que o número de concursantes asistentes fose impar, ACTIVISION poderá determinar, por sorteo, que un dos concursantes pase directamente á seguinte ronda.

En todo caso, interpretaranse exclusivamente cancións do programa GUITAR HERO III® de *nivel experto*

En todo o non regulado aquí expresamente, aplicaranse *mutatis mutandi* as regras da FASE CLASIFICATORIA.

#### **4.- PREMIOS**

Os tres primeiros clasificados da GRAN FINAL recibirán os seguintes premios:

(a) Primeiro clasificado

BUNDLE (GUITARRA + XOGO), GH AEROSMITH + CAMISETA GH + Oportunidade única de tocar a GH dende o escenario das actuacións musicais do Festival Brincadeira '08 ante miles de persoas, o Sábado 9 de Agosto ás 00:00 horas aproximadamente.

(b) Segundo clasificado

GUITARRA GH + CAMISETA GH

(c) Terceiro clasificado

VIDEOJUEGO DE GH AEROSMITH + CAMISETA GH

En ningún caso os premios anteriores serán susceptibles de cambio, alteración ou compensación a petición dos gañadores.

Os premios entregaranse na data da GRAN FINAL, á finalización da mesma.

#### **5.- IMAXE E DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Os participantes autorizan a ACTIVISION a invitar a prensa especializada e/ou xeralista para cubrir o evento en calquera das súas fases indicadas na BASE 3 anterior. Así mesmo, os participantes, e en especial os gañadores, autorizan a ACTIVISION a difundir e publicar a través de internet e en medios de prensa especializada e/ou xeralista a súa imaxe, nome, apelidos e cidade de residencia.

Os datos facilitados por todos os participantes, sexan gañadores ou non do CONCURSO, serán incorporados a un ficheiro propiedade de ACTIVISION, ca finalidade de celebración do CONCURSO e, en caso de aceptalo expresamente, a realización de accións e promocións comerciais a través das marcas que comercializa ACTIVISION en España. O responsable deste ficheiro e do seu tratamento é ACTIVISION, con domicilio en C/ Anabel Segura, 7, planta 2ª, Arroyo de la Vega, 28108 Alcobendas, Madrid.

Os concursantes autorizan a comunicación dos seus datos a Iceberg Audiovisual S.L., con CIF número B-70106331, a efectos de permitir a adecuada organización de las diferentes FASES del CONCURSO.

Todos os participantes teñen o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos, que poden exercitar mediante solicitude dirixida a ACTIVISION na dirección anterior ou na dirección de correo electrónico [atencionalcliente@activision.es](mailto:atencionalcliente@activision.es), indicando a referencia "Protección de datos".

## **6.- XERAL**

- 6.1 A participación no CONCURSO supón a plena e total aceptación destas BASES por parte dos participantes. Calquera manifestación en sentido contrario, é dicir, de non aceptación das mesmas, implicará a exclusión do participante e, como consecuencia da mesma, ACTIVISION quedará liberada do cumprimento da obrigaón contraída con dito participante.
- 6.2 Os concursantes autorizan a ACTIVISION a publicar clasificacións provisionais da FASE PREVIA, así como as clasificacións finais de cada unha das fases indicadas na BASE 3, na páxina web [www.guitarhero.es](http://www.guitarhero.es).
- 6.3 ACTIVISION, resérvase o dereito a anular o CONCURSO en calquera momento por baixa participación.
- 6.4 ACTIVISION resérvase o dereito a eliminar a aqueles concursantes que utilicen trucos destinados a obter unha maior puntuación ou número de acertos, que falseen os seus datos persoais no boletín de inscrición ou os dos seus pais ou representantes legais, que non se comporten de maneira adecuada, que teñan conductas agresivas ou luzan prendas con mensaxes racistas, xenófobos ou notoriamente ofensivos para determinados colectivos por razón de idade, sexo, raza, condición sexual ou relixión, ou que, de calquera outra forma, incumpran as presentes BASES.
- 6.5 ACTIVISION resérvase o dereito a modificar as presentes BASES en caso de detectar algún tipo de irregularidade que puidera influír na obxectividade e transparencia do CONCURSO.
- 6.6 Calquera incidencia que poida xurdir e que non se reflexe nestas bases será resolta libremente por ACTIVISION.